

REGULAMENTO

**XI CARREIRA PEDESTRE DE
CAMPAÑÓ 2018**

PREVIO Á CARREIRA

1. DATA. A Asociación Cultural, organiza o sábado 26 de maio de 2018, a partir das 18.45 horas, a "XI Carreira Pedestre de Campañó", na categoría individual e por equipos.

2. PARTICIPANTES E CATEGORIAS. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sempre que estean inscritas e acepten e cumpran as condicións de participación. Haberá as seguintes categorías:

CATEGORÍA INDIVIDUAL: Tres voltas ao circuíto.

CATEGORÍA POR EQUIPOS: Os equipos estarán integrados por tres participantes, cada un deles completará unha volta do circuíto. Os equipos poden ser masculinos, femininos ou mixtos, entrando todos nunha mesma clasificación.

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN. As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- Certifico que estou en bo estado físico e teño pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Eximo de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da miña participación no evento (Ex: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesión, atropelos, agresións,...).
- Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición a persoa participante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidente e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas en ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13-15008 A Coruña.
- Autorizo a organización para a utilización da miña imaxe en publicacións, carteis,... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito á Asociación Cultural e Deportiva de Campañó.
- Conforme á L.O. 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable a Asociación Cultural e Deportiva de Campañó. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para a Carreira Pedestre de Campañó así como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección sinalada no punto anterior, xuntando unha fotocopia do seu DNI.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflexada no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

A Organización non será responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a atleta.

4. INSCRICIÓN. Faranse dende o 16 de abril, ata o día 23 de maio de 2018 as 23:59 horas e será en www.carreirasgalegas.com. Non se admitirán nin inscricións posteriores nin o mesmo día da proba.

- Para as categorías sub 20, seniors e master na que o/a deportista pagará a cota de 6 €.
- Para a carreira por equipos a cota de inscrición será de 12€ / equipo.
 - a) No caso de que o/a deportista das categorías sub 20, seniors e master que se inscriba estivera en situación de desemprego o día da carreira, marcando a casilla axeitada na inscrición en web, poderá participar de balde. A persoa beneficiaria en situación de desemprego terá que contar cun "Documento Acreditativo de Rexistro como Demandante de Emprego" (D.A.R.D.E.) dun Servizo Público de Emprego en vigor ese día (que terá que presentar inescusablemente ao recoller o seu dorsal); en caso da non presentación do documento acreditativo, non se lle devolverá a cota de inscrición. A inscrición da carreira é persoal e intransferible.
 - b) Se o/a participante é veciño/a de Campañó deberá inscribirse nas delagadas da Asociación Cultural Deportiva Campañó, e a inscrición será de balde.
- Para as categorías dende Chupete ata sub 16, a inscrición é de balde e se inscriben en www.carreirasgalegas.com ou o mesmo día da carreira dende as 12.00 ata as 17.00 horas na Casa da Cultura de Campañó (Campo da Festa de Cabaleiro).

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

- **CADRO CATEGORÍAS**

MASCULINA FEMININA	Idade	Datos		Inscripción	Cota	Chip
		Topo Inscripción	Recollida Dorsais			
Chupete	2018 - 2014	O día 26/05 entre as 12.00 e as 17.00 h na Casa da Cultura de Campañó (Campo da Festa de Cabaleiro)		www.carreirasgalegas.com Ou persoalmente o titor/a, co nome e teléfono de contacto	De balde	Non
Pitufo/a	2013 - 2011					
Sub 10	2010 - 2009					
Sub 12	2008 - 2007					
Sub 14	2006 - 2005					
Sub 16	2004 - 2003					
Sub 18	2002 - 2001	Ata as 23:59 hora do 23/05	Entre as 12:00 e as 18:00 h, na Casa da Cultura de Campañó (Campo da Festa de Cabaleiro)	A través da web www.carreirasgalegas.com	6€ agás desempregados/as	Sí
Sub 20	2000 - 1999					
Sub 23	1998 a 1996					
Senior	Dende 1995 ata 34 anos cumpridos					
Máster 1	De 35 a 44 anos					
Máster 2	De 45 a 54 anos	Ata as 23:59 hora do 23/05	Entre as 12:00 e as 18:00 h, na Casa da Cultura de Campañó (Campo da Festa de Cabaleiro)	A través da web www.carreirasgalegas.com	12 €	Sí
Máster 3	De 55 anos en adiante					
Equipos 3 participantes	Dende o ano 2002 en adiante. (categoría única)	Ata as 23:59 hora do 23/05	Entre as 12:00 e as 18:00 h, na Casa da Cultura de Campañó (Campo da Festa de Cabaleiro)	A través da web www.carreirasgalegas.com	12 €	Sí

DURANTE A XORNADA DA CARREIRA

5. COMO CHEGAR EN COCHE AO LUGAR DA SAÍDA. Coller a estrada que une Pontevedra con Vilagarcía (PO531) e aos 3 kilómetros de Pontevedra, desviarse á esquerda pola VRG 4.8 dirección Campañó / Poio. Unha vez nesta estrada, coller a saída Fragamoreira – Campañó e ao chegar á rotonda, á dereita, ali haberá un punto de información. Para acceder aos aparcadoiros, a hora límite de chegada será ás 17,45.

6. AGASALLO. Os/as participantes poderán recoller o seu agasallo, na Casa da Cultura de Campañó, o propio día da carreira dende ás 12:00 ata ás 18:00 horas.

7. DISTANCIAS

Categoría	Sub 10	Sub 12	Sub 14	Sub 16	Pitufos/as	Chupetes	Sub 18, sub 20, sub 23, sénior, máster 1, 2 e 3.	Equipos
Hora saída	17.40	17.50	18.00	18.10	18.15	18.45		
Metros	500	800	1.600	100	50	8700 m 3 voltas de 2900 m cada unha.	1 volta de 2900 m cada participante.	

8. GARDARROUPA. Antes da saída os/as participantes terán un servizo de gardarroupa a súa disposición na Casa da Cultura de Campañó (xunto á saída).

9. SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES. Todos as persoas participantes estarán cubertos cunha póliza de "Seguro de Responsabilidade Civil" e dun "Seguro de Accidentes". Haberá dúas ambulancias e un médico para a atención.

10. PERCORRIDO. Terá unha lonxitude variable en función da categoría nun circuito pechado sobre asfalto e haberá diversos controis de paso obrigatorios. A saída e a chegada estarán no campo da festa de Cabaleiro (Campañó).

11. AVITUALLAMENTO. En cada volta do percorrido haberá avituallamento líquido e ao remate facilitarase o avituallamento sólido e líquido axeitado.

12. DESCUALIFICACIÓNS. O servizo médico da competición, ou os xuíces, están facultados para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente, que non realice o percorrido completo, que

non teña dorsal, que manipule a publicidade do dorsal, que manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas ante a Organización. A proba estará controlada por xuíces da Federación Galega de Atletismo.

As reclamacións referentes os resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

13. DORSAL CHIP. Establecerase controis de cronometraxe, có propósito de verificar que todos os atletas cubren a totalidade do mesmo. É obrigatorio que os participantes leven o dorsal no peito. Estes controis rexistrarán tamén os tempos de paso totais, polo que é obrigatorio pasar por os dispositivos de cronometraxe dispostos na saída e chegada. Os/as corredores/as que non teñan todos os rexistros serán descalificados, sen prexuízo doutros tipos de controis que poidan montarse.

14. PERSOAS NON INSCRITAS. Toda aquela persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade e non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza se lle instará a abandonar o circuíto.

POSTERIOR Á CARREIRA

15. OUTROS. Na liña de meta os/as participantes terán produtos alimenticios, bebidas, servizo médico,...

16. PREMIOS. A clasificación será por categorías e absoluta:

Premiarase como vencedores absolutos aos tres primeiros homes e mulleres en rematar. Os/as vencedores absolutos recibirán o premio correspondente a esta clasificación.

		1º	2º	3º
Absoluta	Masculina	250 € e Trofeo	150 € e Trofeo	100 € e Trofeo
	Feminina	250 € e Trofeo	150 € e Trofeo	100 € e Trofeo

Recibirán material deportivo os tres primeiros clasificados de cada categoría.

		1º	2º	3º
Sub 10, sub 12, sub 14, sub 16, sub 18 sub 20 sub 23, Senior e Máster	Masculina	Material deportivo New Balance	Material deportivo New Balance	Material deportivo New Balance
	Feminina	Material deportivo New Balance	Material deportivo New Balance	Material deportivo New Balance

Nas categorías Chupetes, Pitufos/as, sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 recibirán unha medalla todos os que rematen a súa carreira.

Tamén recibirán material deportivo os primeiros residentes en Campañó clasificados (home e muller) que non estiveran comprometidos polo arriba exposto. Para optar ao premio de primeiro/a residente en Campañó é obrigatorio estar empadroadado en Campañó dende xaneiro do ano en curso.

		1º
Campañó	Masculina	Material deportivo New Balance
	Feminina	Material deportivo New Balance

Premiarase como vencedores absolutos aos tres primeiros equipos.

	1º	2º	3º
Equipos	Unha cea para 6 persoas. "Asador Campaniola"	Unha cea para 3 persoas. "Restaurante la Viuda"	Unha cea para 3 persoas. "Restaurante la Viuda"

17. PROTOCOLO DE PREMIACIÓN. A cerimonia de entrega de premios das categorías: Sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 efectuarase o remate de cada proba, na mesma liña de meta. Para o resto das categorías a cerimonia comenará as 20.00 horas no campo da festa de Cabaleiro. Os atletas con dereito aos premios deberán estar presentes na mesma. Se non estivesen presentes, entenderase que renuncian ao premio material e económico.

18. TERCEIRO TEMPO. Ao remate da carreira haberá:

- Un pincho para todos/as os participantes e acompañantes.

19. PARA MAIS INFORMACIÓN. Máis información en <https://www.facebook.com/carreiradecampano>.


PATROCINADOR PRINCIPAL



ORGANIZADOR



MARCAS OFICIAIS



PATROCINADORES



COLABORADORES



CIRCUITO. ESCALA 1:13500

(CABALEIRO - PIÑEIRO - CARBALLIÑOS - O COCHÓN - CEMITERIO - CABALEIRO)

Persona 1



Versión 3.3

